

MOCIÓN CONXUNTA (PSOE, AER, BNG E CONCELEIRO NON ESCRITO)
REPROBACIÓN DA CONCELEIRA DE IGUALDADE.

PLENO 22 DE MARZO 2018. ACTA 05/2018

Moción Conxunta (PSOE, AER, BNG e Concelleiro non Adscrito) do día 15.03.2018 con número 2018-E-RC-3291 que se transcribe a continuación:

“Resulta extremadamente preocupante a ignorancia que amosa a concelleira de Igualdade, Teresa París, pois coas súas afirmacións descalificadoras da convocatoria da folga de mulleres, celebrada o pasado 8 de marzo, semella descoñecer que ao longo da historia a maior parte dos avances da humanidade, tanto no feminismo como noutros movementos sociais, foron conseguidos a través de mobilizacións e grazas a que a sociedade saíra á rúa para reivindicar os seus dereitos.

Esta representante en Redondela do PP, un partido cuxo presidente respondeu “no nos vamos a meter en eso” a unha xornalista que preguntaba pola fenda salarial, non parece moi lexitimada para criticar que millóns de mulleres de todo o mundo saian á rúa e reivindiquen algo tan obvio e xusto como a igualdade salarial entre homes e mulleres, xustamente un dos principais motivos, mais non o único, da folga internacional do 8 de marzo.

Consideramos que o problema do Partido Popular é que moitos e moitas dos seus representantes en cargo políticos aínda non se desfixeron da visión nacional-catolicista da muller propia doutros tempos, xa afortunadamente superados pola maioría da sociedade e que xustamente son as súas políticas as que manteñen e perpetúan as desigualdades existentes.

Por estes motivos consideramos que a concelleira Teresa París non está lexitimada para o cargo de Concelleira de Igualdade e, polo tanto, dende a Asemblea Feminista Paxaretas solicitamos dos grupos políticos que compoñen o Pleno da Corporación Municipal de Redondela a adopción do seguinte acordo:

-Que por parte do Sr. Alcalde se proceda, de inmediato, ao cese da citada concelleira como delegada da área de Igualdade.”

VOTACIÓN E ACORDO.-

Sometida a votación a mencionada moción, apróbase, por maioría dos concelleiros presentes sendo 12 votos a favor (06 do PSdeG-PSOE, 04 de AER, 01 do BNG e 01 do concelleiro non adscrito) e 09 en contra do PP.